

RACISMO E XENOFOBIA EN GALICIA

INFORME ANUAL

20
22



www.sosracismogalicia.org

Elabora

SOS Racismo Galicia

Financia

Xunta de Galicia

Publicación

2023, Galicia



SOS Racismo Galicia ofrece un espazo de información e denuncia para aquelas persoas que teñan sido vítimas ou testemuñas de comportamentos racistas ou xenófobos, que teñan provocado agresión, vulneración dos dereitos fundamentais, aplicación desigual de dereitos e da igualdade de oportunidades. Actualmente dispoñemos de dúas oficinas de atención dentro do territorio galego: unha na Coruña e outra na cidade de Vigo.

As principais liñas de intervención son:

1º. Información e asesoramento: asesoría integral e gratuíta a toda persoa que teña sido vítima ou testemuña dunha actitude racista ou xenófoba ou ben teña sospeitas do exercicio de situacións discriminatorias.

2º. Resarcimento do dano: O principal elemento diferencial das nosas OID é que tratamos non só de

tornar visíbel o delito que sofren estas vítimas, senón que damos un paso máis aló tratando de loitar tanto por unha condena xudicial que penalice aos causantes destes delitos, como pola necesidade da persoa que sofre o delito de sentirse protexida e recoñecida socialmente como vítima.

3º. Prevención dos delitos xenófobos, racistas e de odio. As nosas OID traballan na prevención deste tipo de comportamentos en todos os espazos da nosa sociedade. Traballamos promovendo posicións proactivas cara á diversidade en rede con outras entidades e movementos sociais, xunto a centros educativos, profesionais, universidades, organizacións de mulleres, etc. desde idades temperás.

Para elo:

a) Apoio xurídico e administrativo a aquelas persoas que fosen

vítimas de discriminación racista e/ou xenófoba.

b) Denunciamos calquera tipo de feito discriminatorio.

c) Mediamos en casos de conflitos culturais ou de calquera outro tipo.

d) Informamos dos seus dereitos ás persoas pertencentes a minorías étnicas.

e) Documentamos os casos de racismo e xenofobia que teñen lugar en Galicia para a súa posterior publicación nos Informes Anuais sobre o Racismo no Estado español.

f) Realizamos actividades de formación e concienciación.

A primeira fonte para a elaboración do Informe Anual constitúena as vulneracións e denuncias que se recollen nas Oficinas de Información e Denuncia (OID) en Galicia (A Coruña e Vigo) e que corresponden a diferentes tipos de discriminación por motivos racistas: discriminación laboral, no acceso a prestacións públicas, conflitos veciñais, etc.

As oficinas de SOS Racismo Galicia tentan combater as situacións de racismo e xenofobia mediante o proxecto de OID, ofrecendo un servizo de atención integral a aquelas persoas afectadas ou que foran testemuñas de situacións de discriminación por racismo ou xenofobia, mediante unha atención completa e unha asesoría xurídica e social de balde. O informe, está constituído pola relación de aqueles casos de discriminación xenófoba ou racista coñecidos polas Oficinas de Información e Denun-

cia en Galicia, de modo que non pretende mostrar o total dos casos acontecidos en territorio galego, se non que os asuntos e as cifras recollidas neste informe apenas reflecten una parte da realidade, sendo as condutas discriminatorias acontecidas realmente maiores que as mostradas.

As situacións discriminatorias son recollidas por SOS Racismo Galicia como observatorio, tanto por ter tido coñecemento das mesmas, por derivación das entidades coas que se traballa en rede, como a través do servizo de asesoramento ás persoas que sufriron ou que foron testemuñas de condutas racistas/xenófobas. Existe unha barreira entre as discriminacións existentes e as discriminacións das que se toma conciencia e se denuncian, sendo un dos maiores obstáculos á hora de denunciar a situación e o contexto da persoa que sofre a conduta discriminatoria.

Deste xeito, moitas das persoas que sofren cada día o racismo e a xenofobia non denuncian estes conflitos pola súa situación de irregularidade administrativa, polo medo e a inseguridade que xera o momento da denuncia, polo descoñecemento de dereitos ou pola idea xeneralizada de que a denuncia non vai ter efectos ou non vai solucionar o problema concreto, entre outros moitos motivos.

TIME FOR
CHANGE



1.
DATOS E RELACIÓN DE CASOS P. 01

2.
DISCRIMINACIÓN NO ACCESO
A SERVICIOS PRIVADOS P. 25

3.
DISCRIMINACIÓN NO ACCESO
A SERVICIOS PÚBLICOS P. 35

4.
RACISMO
INSTITUCIONAL P. 41

5.
DISCRIMINACIÓN LABORAL P. 49

6.
CONFLICTOS OU AGRESIÓNS P. 53

7.
DISCURSO DE ODIO P. 57

8.
FFCCSE P. 61


9.
LEI INTEGRAL PARA A IGUALDADE DE
TRATO E A NON DISCRIMINACIÓN P. 65

O total de casos de discriminación ou vulneración de dereitos acontecidos en Galicia no ano 2022 e recollidos polas OID (Oficinas de Información e Denuncia) ascende a un total de 214 (cun total de 435 persoas atendidas) o que supón un relevante incremento respecto aos casos reunidos en anos anteriores 2021 (211), 2020 (154) e en 2019 (135).

Neste senso, o aumento na recollida de vulneracións non significa necesariamente que o racismo e a xenofobia teñan variado na mesma proporción, xa que os casos que chegan a SOS Racismo Galicia son apenas unha parte da realidade, unha fotografía, e non pretende reflectir as condutas discriminatorias na súa totalidade.

Consideramos importante sinalar que aínda que sexa unha ínfima parte a que chega ás nosas oficinas, os datos, certifican que ano tras ano o traballo feito polas OID é unha labor importante que plasma o que acontece e que poucas veces recibe atención, e que tal e como a gráfica da seguinte páxina plasma, trátase dunha tendencia que se vai incrementando co paso dos anos.

DATOS E RELACIÓN DE CASOS



Podemos afirmar que existe unha tendencia progresiva que vai aumentando ao longo dos anos o que, debidamente, lexítima a labor de rexistro que se fai dende as oficinas de SOS RACISMO GALICIA e demostra que os datos aseguran que as vulneracións recollidas non se tratan de meros casos illados.

Pode chamar a atención o número de vulneracións recollidas neste ano 2022 polo feito de non ter experimentado un aumento tan significativo con respecto ao 2021, tal e como si sucedeu en anos anteriores. Porén, en ningún caso, este

dato poder ser valorado como unha estabilización ou decrecemento dos casos de racismo e xenofobia na nosa Comunidade Autónoma.

Existiron razóns organizativas e conxunturais nas nosas oficinas que explican que o aumento dos casos recollidos durante o 2022 non aumentase tan exponencialmente como outros anos.

O verdadeiramente relevante o supón o feito de que ano tras ano as vulneracións as que diariamente se enfrontan as persoas migrantes e/ou racializadas no noso país van en aumento irremediabilmente. Compre facer un exercicio glo-

bal de concienciación para sermos quen de detectar e identificar as conductas discriminatorias e argallar solucións de erradicación e reparación.

A sociedade ten que tomar conciencia da relevancia e gravidade da situación, por medio profundos procesos de formación, escoita e sensibilización.

Pasaremos de seguido a ir comentando os casos recollidos en función das variábeis consideradas importantes para o noso estudo, nun intento de reflexar a vivencia de moitas persoas que residen na comunidade galega.

VULNERACIÓN POR PROVINCIAS


Como pode observarse na gráfica, o número de vulneracións rexistradas en cada unha das catro provincias da nosa comunidade varia sustancialmente, rexistrando Coruña case o dobre que Pontevedra. Así mesmo, non houbo casos recollidos en Ourense e só 2 casos en Lugo.

Esto é debido á presenza física das OID no territorio.


Efectivamente, aínda que a acción das OID abrangue toda a Comunidade Autónoma, o feito de que só existan oficinas físicas abertas nas cidades de Vigo e A Coruña fai que sexa en Pontevedra e Coruña onde se recollan a gran maioría dos casos.

A atención presencial tórnase case imprescindible en moitos dos casos de vulneracións, debido á situación de violencia que sofren ou sufriron as persoas, polo que a atención telemática/mail, web, teléfono) entorpece a labor e dificulta a recollida de datos.

Dende SOS RACISMO GALICIA seguimos a traballar para expandir a presenza das OID nos diferentes territorios, así como a seguir tecendo redes con entidades e colectivos que nos permitan coñecer, derivar e atender cada vez máis casos de vulneracións.



VULNERACIÓN SEGUNDO XÉNERO



Ano tras ano, desagregamos os datos das persoas atendidas segundo o seu xénero.

E iso porque parécenos fundamental ter en conta a variábel do xénero como un dos factores determinantes nas experiencias migratorias das persoas que atendemos nas nosas oficinas.

Tanto o Pacto Mundial para a Migración como a Declaración de Nueva York para os Refuxiados e os Migrantes fan un chamamento para que se desglose unha maior cantidade de datos sobre a migración en función do sexo.


Como podemos comprobar, este ano 2022 confirmouse a tendencia xa observada no 2021 e son as mulleres (131) as que máis sofren os episodios de vulneracións por enriba dos homes (78).

O feito de ser muller, ademáis de persoa migrante ou racializada, incrementa a situación de desvantaxe. A etnia, a raza e o xénero sumáanse para poñer ás mulleres que atendemos no “punto de mira” dos diferentes axentes discriminadores, tal e como máis adiante analizaremos detidamente.

VULNERACIÓN SEGUNDO A IDADE

Ao igual que pasaba co xénero, a idade é un factor que debería de ser tido en conta como fundamental variábel nas situacións de discriminación. Non só pola especial vulnerabilidade das crianzas, senon tamén para ser quen de artellar intervencións e ferramentas especificamente adicadas a este colectivo.

Practicamente todas as persoas atendidas por experiencias discriminatorias foron maiores de idade (204) fronte aos 3 menores de idade.



crianzas migrantes e/ou racializadas non sofren violencias pola súa situación ou condición. Tal e como exporemos máis adiante, cada ano aumenta gradualmente o número de casos rexistrados nos que a persoa afectada directamente é menor de idade.

A eses casos, poderíamos sumar moitos dos casos de discriminación que afectan directa e principalmente a persoas adultas, pero tamén indirectamente, e moi gravemente, ás crianzas que forman parte dese núcleo familiar ou convivencial.

THE
DAY WILL COME
WHEN HISTORY WILL
AFRICA WILL WRITE IT
IT WILL BE
ORY

LL SPEAK

TS OWN HISTORY
A HISTORY

AND DIGNITY



**VULNERACIÓN
SEGUNDO A
SITUACIÓN
ADMINISTRATIVA**

Neste 2022, ao contrario que acontecera no 2021, as persoas en situación administrativa irregular supoñen a maioría dos casos atendidos (97) fronte ás persoas en situación administrativa regular (84) e as persoas nacionais (22).


Este cambio de tendencia pode ser debido ás políticas do Estado que, ano tras ano, mediante reformas legislativas disfrazadas de “boas

intencións” implementan novos requisitos e atrancos para a regularización da situación das persoas migradas. No seu correspondente apartado ocuparémonos máis polo miúdo desta problemática.

Asemade, a pesares do que nun primeiro momento podería pensarse, existe un amplo grupo de persoas en situación administrativa regular que sofren actitudes e comportamentos discriminatorios.

Porque, sendo certo que a situación administrativa irregular coloca ás persoas nunha situación de vulnerabilidade e desprotección específica, non é menos certo que o racismo e a xenofobia non entende de permisos de residencia e traballo.

Razón pola que atopamos tamén moitas persoas nacionais que debido aos seus rasgos fenotípicos sofren situacións de violencia e discriminación.



**VULNERACIÓN
SEGUNDO O
TERRITORIO
DE ORIGEN**

Atendencia neste 2022 é a mesma que en anos pasados. En relación á orixe das persoas denunciadas, as persoas procedentes do sur de Abya Yala foron as que máis viron vulnerados os seus dereitos (127), seguidas moi de lonxe por aquelas procedentes de África OECS (as iniciais OECS fan referencia a países da África do sur, este, oeste e centro sendo especialmente representati-


vos nesta mostra aquelas persoas que proceden de países tales como Senegal, Malí, Nixeria, Gambia, Kenia ou Exipto], (31 persoas), por aquelas que posúen a nacionalidade española (21 persoas) e por aquelas procedentes de África do Norte (17 persoas). A seguir en número de denuncias atopamos aquelas denuncias que afectan ás persoas procedentes do resto de países da comunidade europea (5

persoas) e o resto de casos que afectarían a persoas procedentes de Asia do Sur (4 persoas).

Un ano máis, as eprsosas procedente de países de Abya Yala superan con creces a outras nacionalidades.

Non debemos caer na conclusión inmediata e extrapolar que son as persoas procedentes destes territorios as que máis sufren as discriminacións. O feito de representar a gran maioría das denuncias rexistradas ven motivado tanto pola maior concentración de persoas migrantes procedentes de Abya Yala, como da posible maior disposición ou facilidade para acudir ao noso servizo.


É precisamente neste grupo de persoas onde atopamos as situacións de persoas que teñen accedido á nacionalidade española por residencia (debido á rebaixa do tempo de residencia coa que contactan) que son contabilizadas neste Informe como nacionais, pero que, apesares diso, polo feito de contar con determinados rasgos fenotípicos, ou incluso con determinado acento, seguen sufrindo episodios de violencias e discriminacións.




**VULNERACIÓN
SEGUNDO
O AXENTE
DISCRIMINADOR**

Cando nos referimos a axente discriminador, estamos tentando poñer o foco na orixe e nos responsables das conductas discriminatorias que sofren as persoas ás que atendemos. Un ano máis comprobamos cómo o principal axente discriminador é a administración e o funcionariado (100) fronte ás entidades privadas (51) e os partiulares (48).

Lonxe de implementar políticas de prevención, de emprender accións de corrección e reparación ou incluso de executar medidas de sanción, a administración tanto estatal, como autonómica e municipal.



**VULNERACIÓN
SEGUNDO
A TIPOLOGÍA**






WENDELL ALLEN. AHMAUD ARBERY. SEAN BELL.
SANDRA BLAND. BREXIA BOYD. ROMAN BRISCOE. MICHAEL BROWN. MARISSA
CLARK. JOHN CRAWFORD. TERRENCE CRUTCHER. AIYEM DENNIS
ERIC GARNER. BRENDON GLENN. CLIFFORD GLOVER. RAMARLEY
GRAHAM. FREDDIE GRAY. AKAI GURLEY. GREG
HEARD. LATANYA HAGGERTY. GARY HATCHER. DARREN HOLT
JALEN JONES. JR. KENDRA JAMES. JAMEEL
JOHNSON. JOSEPH CAMERON. SAMUEL L. LEWIS. MICHAEL LOPEFIDO
MICHAEL MARTIN. MICHAEL MCDONALD. LAQUAN MCDONALD. MYA MITCHELL. STEPHEN WATTS
AND SO MANY MORE

Racismo institucional



Denegación de acceso a servicios privados



Conflictos ou agresións

No 2022 confirmouse a tendencia de anos anteriores e o racismo institucional sitúase como a tipoloxía de vulneracións maioritaria (57), seguida moi de preto coa tipoloxía da denegación de acceso a servizos privados (45) que ate este ano soía situarse na cabeza das discriminacións. Séguenlles a discriminación laboral (33), a denegación de acceso a servizos públicos (29), os conflitos e agresións (28), o abuso das FFCCSE (5) e os discursos de odio (2).

Máis adiante analizaremos máis polo miúdo a relevancia que sobre a vidas das persoas que atendemos ten o comportamento e resolucións dunha Administración Pública racista e xenófoba. Un ano

máis os principais focos do racismo institucional o constitúen os procedementos de estranxeiría e os expedientes de nacionalidade, con atrancos na solicitude de citas, a demora na resolución de expedientes e as denegacións inxustificadas.

Na denegación de acceso a servizos privados atopamos servizos tan fundamentais como a vivenda, a formación, o ocio ou os servizos bancarios.

No 2022 aumentaron considerablemente os casos de discriminación laboral, con situacións recorrentes de abuso e precariedade.

Na denegación de acceso a servizos públicos, voltamos a comprobar como a maioría dos supostos ocorren no ámbito da saúde

con negativas de atención sanitaria e facturacións improcedentes.

Finalmente, e moi relacionados, atopamos os casos de conflitos e agresións, tanto en espazos públicos como privados e os casos de discurso de odio. Moitas das denuncias que nos chegaron neste ano relacionadas con estas tipoloxías entremezclan ambas, atopando agresións, ou conflitos sen violencia física, pero si empapadas de discursos trementadamente racistas e xenófobos.



**VULNERACIÓN
SEGUNDO
O ÁMBITO**

A maior parte das denuncias das que tivemos coñecemento no 2022 gardan relación con condutas discriminatorias no acceso á servizos privados (vivenda e bancario entre outros) (45 casos), seguido das vulneracións relacionadas con estranxeiría (40) e por aquelas producidas no ámbito laboral (34). Resultan relevantes tamén as cifras nos diferentes servizos públicos como saúde (22) e educación (12).

As vulneracións en materia de estranxeiría seguen a ser as condutas discriminatorias maioritarias se facemos criba por ámbitos concretos. No 2022 pudimos comprobar cómo, lonxe de recuperarse da situación de colapso producida no seu día pola pandemia, ese colapso convertiuse en estrutural e permanente, condenando ás persoas a permanecer en situación irregular ou a non poder acceder aos seus dereitos.

Asemade, e como dicíamos, dentro das discriminacións no acceso a servizos privados, un ano máis volve a ser a maioritaria a do ámbito bancario (31). Un exemplo disto, son as denegacións de acceso ás contas de pago básicas para as persoas en situación irregular por parte das oficinas bancarias. Trátase dunha das discriminacións máis comúns e que máis se vai incrementado co paso dos anos. Atopamos tamén o bloqueo das contas bancarias mentras dura o proceso de renovación do permiso de residencia por parte das persoas, coas relevantes consecuencias que elo conlvea.

En terceiro lugar temos todas aquelas vulneracións que están vencelladas ao ámbito laboral (34). Neste ano 2022 duplicáronse os casos de discriminación no emprego. Dentro destas denuncias


atopamos os casos de mulleres vencelladas cos traballos de coidados e fogar que traballan en situación administrativa irregular, sen contrato, sen alta na seguridade social e sen dereitos laborais, con xornadas infinitas e salarios miserables. Tamén diversos casos de traballadores no sector da construción e reformas na mesma situación precarizada e co risco engadido que supón o tipo de traballo realizados.

En cuarto lugar, atópanse as discriminacións habidas no ámbito da saúde (22), no que atopamos condutas tan graves como a falta de atención sanitaria a menores de idade, ou a facturación e requirimento de pago de atencións sanitarias como partos e post partos.

En quinto lugar atopamos os casos que poderíamos denominar de discurso de odio (14). Un ano máis, dentro desta categoría, ato-

pamos situacións de extrema violencia, con agresións físicas motivadas polo cor de pel, procedencia ou rasgos da persoa. Pero tamén condutas terriblemente violentas que non inclúen agresións físicas, pero si insultos, coaccións e humillacións.

Case co mesmo número de denuncias atopamos as vulneracións sufridas no ámbitos doutros servizos públicos (12), e os servizos sociais (10). Debe resultar evidente a relevancia que a ámbito dos servizos sociais teñen na vida das persoas migrantes, as que, na gran maioría, atópanse nunha situación económica precarizada e un contexto social vulnerable. Lonxe de servir como medio de apoio e suposta ferramenta de integración, o funcionamento dos servizos sociais e as actitudes dos profesionais que neles traballan veñen a configurar un ámbito hostil e incompetente.



**DISCRIMINACIÓN
NO ACCESO
A SERVICIOS
PRIVADOS**





Unha parte moi importante das conductas discriminatorias detectadas e denunciadas a consitúe o acceso aos diferentes servizos privados, como poden ser vivenda, servizos bancarios, cursos de formación, locais de ocio, etc,...

Ao falarmos deste tipo de discriminacións debemos facer fincapé en dous aspectos:

1º. A dificultade probatoria das conductas discriminatorias: en moitas ocasións cando detectamos ao falar coa persoa que atendemos, ou ao recibir directamente a denuncia por parte da persoa afectada, un dos principais inconvintes o constitúe a posibilidade de acreditación dos feitos coa que contamos.

Efectivamente, moitas das veces, as negativas, os impedimentos ou os requisitos ilegais para acceder ao ben ou ao servizo en cuestión prodúcese de forma verbal co que demostrar que ese comportamento efectivamnete tivo lugar tórnase moi complicado.

A solución soe pasar por “repetir a experiencia” e tentar que a persoa perxudicada grave esa conversa. Moitas veces xorde a dúbida cando atendemos este tipo de denuncias sobre a legalidade desa gravación.

Resulta certo que o artigo 18.3 da Constitución, incluído dentro dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, “garantiza el secreto de las comunicaciones y, en especial, de las postales, telegráficas y telefónicas, salvo resolución judicial”.

Porén, dita garantía non ten nada que ver coa gravación dunha conversa como medio de proba para aportala nun xuízo como instrumento para acreditar uns feitos.

Dende a OID utilizamos este medio de proba en moitos dos asuntos xudiciais que emprendemos.

E elo porque estamos amparadas para elo non so pla práctica habitual nos Tribunais, senon, sobre todo, pola Doctrina Xurisprudencial aplicable ao efecto. Así resulta doutrina consolidada do Tribunal Supremo entre todas, Sentencia de 19 de abril de 2013) a que considera que aínda que a gravación se realizase sen autorización do interlocutor, e por tanto ocultando e sen advertir delo, ten validez como medio de proba.

A motivación utilizada para chegar a esa conclusión consiste en:

1ª. A gravación non produce ningunha afectación do dereito ao segredo porque non existe interferencia de algunha das comunicacións técnicaamente habidas da persoa, por parte dun terceiro alleo.

2ª. A gravación supón simplemento o rexistro dunha conversa presencial por quen tiña acceso lexítimo ao falado.

3ª. Trataríase dunha conversa na que a persoa que a gravou participou, e que o mesmo podería difundila, en calqueira outro contexto.

4ª. Será lícito como medio de proba, sempre e cando a conversa gravada non afecte á esfera íntima da vida da persoa gravada e ademáis quen a gravase sexa o interlocutor e parte no procedemento onde queira facerse valer esa proba.

5ª. Conclúe a STS 19 abril 2013, declarando que si o gravado fforon manifestacións do posteriormente acusado, nun ámbito extra-procesal, prestadas voluntariamente e sen ter sido forzado nn obrigado a prestala, a gravación será tida en conta como medio de proba, debendo ser valorada xunto co resto de probas polo Tribunal.

ACCESO A VIVENDA



No mes de decembro de 2022 **Nadjat** etiquetounos nun fío de publicacións nunha rede social no que denunciaba a actitude dunha inmobiliaria da cidade de Vigo que truncara a sinatura do contrato de alugueiro cando tivo acceso aos seus apelidos.

Postas en contacto con Nadjat cóntanos como estaba na procura dunha vivenda en alugueiro na cidade de Vigo e despois de mirar anuncios e chamar á inmobiliarias, atopou o inmoible que encaixaba nas súas necesidades. Posta en contacto coa inmobiliaria lle din que o piso está libre e que precisaría, entre outra documentación, un contrato de traballo, nómina e un aval. Nour confirmou que tiña a documentación e quedou de ver o piso coa inmobiliaria.

Todo foi ben, o piso gustoulle e cumpria os requisitos que a inmobiliaria lle esixiu.

Porén, cando chegou o momento de enviar a documentación, un día antes do día fixado para a sinatura do contrato, e enviar o se DNI comezaron os problemas.

Nadjat naceu en Siria, pero ten nacionalidade española, xa que leva dende pequeniña aquí. Nembargantes, o simple feito de ter un apelido de orixe sirio supuxo un impedimento para poder finalmente alugar a vivenda.

Atónita, Nadjat tivo que soportar unha chamada da inmobiliaria na que se lle recriminou o feito de ter “apelidos de fora” e se lle preguntou donde tera nacido ante a sorprendentemente xenófoba xustificación de “como comprenderás ese feito de onde naciches é algo que temos que ter en conta”. Asemade, preguntáronlle “onde nacera e onde traballara o seu pai” e “se a avalista era galega”. Todo isto un día antes da sinatura do contrato

que, finalmente, lle denegaron sen posibilidade algunha nin ofrecer tampouco ningunha alternativa.

Por moi increíble que poida parecer, as dificultades de acceso á vivenda segue constituíndo un motivo de denuncia nas nosas oficinas.

A Nadjat lle denegaron o alugueiro polos seus apelidos, apesares de contar con solvencia económica e unha avalista. A outras moitas persoas coas que tratamos lle denegan o alugueiro por ser una persoa negra, por ser unha persoa migrante, por ser e certa nacionalidade, por ter determinado acento, por ser unha persoa cigana,.... Casos repetidos, ano tras ano, de racismo e xenofobia, de discriminación e violencia no acceso a un ben tan fundamental e básico como a vivenda.

A denuncia de Nadjat ante consumo está en agarda de resolución.

BANCARIO

Un ano máis as discriminacións no ámbito bancario supoñen unha parte moi relevante das vulneracións detectadas.

Un dos moitos casos rexistrados foi o de **Jonathan** que precisaba ser titular dunha conta bancaria para poder percibir unha axuda de emerxencia do Concello. Jonathan chegou á oficina canso de visitar oficinas bancarias sen que ningunha lle facilitase a contratación dunha conta co argumento de que non posuía TIE senon só pasaporte.

Lembrar que o pasaporte é un documento de identificación válido e equiparable a todos os efectos legais co DNI ou co TIE, xa que contén a mesma información, máis a fotografía. Porén, os bancos seguen a denegar a apertura de conta bancaria ás persoas que só posúen pasaporte. Tras facer o escrito de reclamación, acompañamos a Jonathan á entidade bancaria, e despois de consultas co seu departamento legal e dúas visitas máis Jonathan conseguiu abrir unha conta bancaria para non residentes.

Pero hai que deixar claro que na maioría dos casos os bancos, pese a presentar a folla de reclamacións, e chegar coa queixa ao Banco de España, continúan negando este acceso ás contas bancarias.

Outro caso que se repite insistentemente foi o de **Romina**. Romina chega á oficina cunha gran preocupación porque o seu banco lle bloqueou a conta bancaria e non podía retirar cartos nin facer ningunha operación. O argumento esgrimido pola entidade é que o seu documento de identidade,

o seu TIE, estaba caducado, polo que lle bloqueaban a conta e lle impedían o acceso á mesma, ate que non presentase o TIE renovado.

Romina tivera a condición de solicitante de asilo, polo que conseguiu abrir unha conta bancaria con seu documento de caducidade.

O problema foi que se lle notificou a denegación da súa solicitude. Porén, Romina acudiu á nosa entidade e se presentou o recurso potestativo de reposición contra esa denegación e no que se se solicitou a suspensión cautelar dos efectos da denegación. Transcurrido un mes dende a interposición do recurso, a denegación quedou automaticamente suspendida, ate que a Administración resolva sobre a solicitude da suspensión cautelar.

Así o dispón a lexislación vixente. Segundo o artigo 46 da Directiva UE sobre o proceso de asilo, ao igual que o art. 47 CDFUE o recurso suspende a saída obligatoria de territorio español e las consecuencias da denegación de asilo, en agarda do resultado da resolución do mesmo.

Asemade, segundo o artigo 117 da Lei 39/2015, si ao mes da interposición do recurso a Administración non emite resolución, débese ter por concedida a suspensión solicitada.

“Artículo 117. Suspensión de la ejecución.

1. La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.

b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.

3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto.”

Polo tanto, o banco non tiña argumento legal algún para bloquearlle a conta a Romina. Así o plasmos no escrito que Romina presentou na súa oficina bancaria. O banco finalmente, desbloqueoulle á conta pasadas dúas semanas.

LOCAIS DE OCIO

Parte das vulneracións que recolleamos na OID proveñen do que chamamos “observatorio” onde se recollen as distintas manifestacións do discurso de odio, o racismo e a xenofobia presentes nos medios de comunicación e as distintas redes sociais.

Así é como chegou a nós o caso de **Mor**. Un xornal dixital publicou que un mozo denunciara ante consumo e ante as FFCCSE a un coñecido local de lecer da Coruña por negarlle a entrada.

Puxémonos en contacto co xornal para que lle dese os nosos datos a Mor por se quería que o axudásenos e acompañásenos no proceso de denuncia. E así o fixo.

Acode á nosa oficina e cóntanos que lle negaron o acceso a varios locais de lecer dos situados en PALEXCO, A Coruña. Que non lle deron explicacións nin motivos, pero que non lle deixaron entrar. Cóntanos que chegou á porta dun dos locais co seu amigo (branco) e que lle dixeron que se quería el podía entrar, pero que Mor non entraría e que se el decidía non entrar ese día, non volvería entrar. De feito, o seu amigo volveu un día e díxéronlle “ti e o teu amigo o morenito non podedes entrar”.

Mor pediu a folla de reclamacións e despois de mandalo dun local a outro buscando ao xefe de seguridade, conseguiu que lla desen.

Pasou un tempo e Mor tentou ir a un deses locais. De novo negáronlle a entrada. Esta vez chamou á Policía Local. Acudidos alí díxéronlle a Mor que era algo moi habitual e que presentase denuncia ao día seguinte ante a Policía Nacional.



Mentres os axentes da Policía Local falaban co porteiro do local, Mor escoitou como este dicía que non o deixaba entrar porque tiña unha forma de bailar “moi tribal”.

O artigo 14 da nosa Constitución, prohibe a discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condi-

ción. En aplicación deste principio de igualdade, o art 512 do Código penal establece que “Quen no exercicio das súas actividades profesionais ou empresariais denegaren a unha persoa unha prestación á que teña dereito por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa situación familiar, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade, incorrerán na pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio e inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre por un período dun a catro anos”.

A denuncia presentada está a instruírse polo Xulgado de Instrución N°1 da Coruña e SOS Racismo Galicia personouse como acusación popular.

Non é a primeira denuncia deste tipo que se presenta fronte a estes locais e os comentarios en Google son un bo reflexo do que ocorre fin de semana tras fin de semana.

**DISCRIMINACIÓN
NO ACCESO
A SERVICIOS
PÚBLICOS**

SAÚDE

Dentro das vulneracións nos servizos públicos ano tras ano repítense os casos de facturación de atención sanitaria a persoas en situación administrativa irregular.

Este foi o caso de **ALFREDO** quen demandou axuda á OID porque recibira unha factura de 1,500 Euros por unha asistencia á urxencias por un traumatismo nun brazo. Na carta remitida polo SERGAS lle indicaban que ao non ter asistencia sanitaria, debería de abonar os servizos prestados na súa visita a urxencias (atención médica, radiografía, etc,...). Dende OID preparamos un escrito ao servizo de facturación do SERGAS onde lles lembramos que a asistencia sanitaria en materia de urxencias é un dereito recoñecido na lexislación, polo que carece de sentido que se carguen os gastos derivados da mesma á persoa interesada.

Así, a Resolución do 31 de agosto de 2012, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se acorda a publicación da Instrución do 31 de agosto de 2012 sobre a prestación de asistencia sanitaria en Galicia ás per-

soas que non teñen a condición de asegurado ou de beneficiario recoñecida polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou, no seu caso, polo Instituto Social da Mariña, establece o seguinte:

Primeira. Ámbito de aplicación

1. As persoas, con documentación identificativa válida e en vigor, que a partir do 1 de



setembro de 2012 non teñan dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado ou beneficiario recoñecida polo INSS ou, no seu caso, polo ISM e que non poidan acollerse a un convenio especial, poderán solicitar a inclusión no Programa galego de protección social da saúde pública para a prestación de asistencia sanitaria en Galicia.

A Consellería de Sanidade pronunciará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do citado programa.

2. Así mesmo, as persoas estranxeiras non rexistradas nin autorizadas como residentes en España, que se atopen en Galicia, e que non teñan nin poidan ter asistencia sanitaria pública polas vías regulamentadas en España, nin exportar o dereito desde o seu país de procedencia, nin poidan incluírse no Programa galego de protección social da saúde pública, recibirán a asistencia sanitaria por parte do Servizo Galego de Saúde, nas seguintes modalidades:

a) De urxencia por enfermidade grave ou accidente, calquera que sexa a causa, ata a situación de alta médica (...)"

Como soe ser habitual, tras o envío da nosa reclamación, o SERGAS archiva o expediente e isa factura non volta a reclamarse. Porén, a pesares de que o SERGAS é perfectamente coñecedor da normativa aplicable, non deixan de chegar persoas con facturas por asistencias en urxencias.

SERVIZOS SOCIAIS

O empobrecemento, o desemprego, o emprego precario, a cesta da compra, a vivenda entendida como un ben de consumo, colocan ás persoas en serias dificultades para curbir as súas necesidades máis básicas.

Suponse que os servizos sociais constitúen a ferramenta coa que a Administración pretende solucionar ou por remedio á situación de precariedade coa que se atopan as persoas.

Porén, en lugar de resultar un mecanismo de alivio e solucións para a cidadanía, tórnase nun mecanismo de exame e control das persoas que acuden a estes servizos.

A fiscalización da vida privada, as entrevistas e visitas inquisitorias e os xuízos de valor das profesionais que traballan nestes servizos, únense á escaseza de recursos e á miseria das prestacións.

Como noutros ámbitos, as persoas migrantes vense especialmente perxudicadas e precarizadas.

A gran maioría das prestacións, subsidios e axudas públicas requiren que a persoa estranxeira conte con permiso de residencia. Na práctica totalidade dos casos, a obtención e renovación dese

permiso de residencia esixe contar cun contrato de traballo e/ou recursos económicos; polo que resulta evidente a exclusión que padecen as persoas migrantes na percepción deste tipo de axudas públicas.

Lady chegou á oficina porque a Xunta de Galicia suspendeulle o cobro da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) alegando que o seu permiso de residencia atopábase caducado.

Efectivamente, no TIE físico xa se cumpría a data de validez, pero Lady tiña presentada a súa solicitude de renovación do TIE no prazo legalmente establecido, polo que o seu TIE (a súa autorización de residencia) quedou automaticamente prorrogada (a pesares da data que nel consta) ate a resolución da renovación.

Así o establece o artigo 54 do Real Decreto 2393/2004, de 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos eztranxeiros en España e a súa integración social que di:

“1. La renovación de las autorizaciones de residencia y trabajo por cuenta ajena deberá

solicitarse, en modelo oficial, durante los 60 días naturales previos a la fecha de expiración de la vigencia de su autorización. La presentación de la solicitud en este plazo prorrogará la validez de la autorización anterior hasta la resolución del procedimiento. También se prorrogará hasta la resolución del procedimiento en el supuesto en que la solicitud se presentase dentro de los tres meses posteriores a la fecha en que hubiera finalizado la vigencia de la anterior autorización, sin perjuicio de la incoación del correspondiente procedimiento sancionador por la infracción en la que se hubiese incurrido.”

Polo tanto, Lady tiña prorrogada a validez do seu TIE polo que a Xunta non tiña argumento legal algún para suspenderlle o cobro da RISGA e deixala nunha situación de auténtica necesidade e desamparo.

Fixemos un escrito de alegacións para que a Consellería lle reanudase o cobro da prestación, o que finalmente pasou despois de dous meses. Dous mese nos que Lady ficou sen ningún tipo de ingresos pola incompetencia e negligencia da Xunta de Galicia.

RACISMO INSTITUCIONAL

NACIONALIDADE

O 2022 voltou ser un ano no que os atrasos nas resolucións das solicitudes de nacionalidade por residencia contituiron unha parte importante das vulneracións recollidas nas OIDs. Pero a agarda eterna para conquistar a nacionalidade non é a única denuncia coa que tivemos que enfrontarnos.

O caso de Cheikh chegounos recién estreado o ano. Cheik é unha persoa invidente que quería asesoramento para a solicitude da nacionalidade. Cumpría todos os requisitos, pero atopábase coa imposibilidade de facer os exames preceptivos.

Para que unha persoa poda optar á nacionalidade española por residencia debe acreditar a superación de dous exames, a proba DELE nivel mínimo A2, que é o diploma de español como lingua estranxeira e a proba CCSE, sobre coñecementos constitucionais e socioculturais do Estado Español. Ambas probas son presenciais e escritas.

Porén, a Orde JUS/1625/2016, de 30 de setembro sobre a tramitación dos procedementos de concesión da nacionalidade española por residencia establece a posibilidade de dispensar da obriga de realizar ás probas para as persoas que padezan algún tipo de discapacidade que lle impidan ou dificulten a realización do exame.

Así, apartado 5 do artigo 10 da citada orde expón:

“De acuerdo con su normativa específica, el Instituto Cervantes ofrecerá actuaciones especiales en la administración de las pruebas DELE y CCSE



para las personas con discapacidad, de modo que dispongan de los apoyos y de los ajustes razonables que les permitan concurrir en condiciones de igualdad efectiva.

Las personas que no sepan leer ni escribir o tengan dificultades de aprendizaje podrán solicitar la dispensa de estas pruebas al Ministerio de Justicia que, a la vista de las circunstancias particulares y las pruebas aportadas, resolverá motivadamente. Igualmente, podrá dispensarse de dichas pruebas a los solicitantes que hayan estado escolarizados en España y superado la educación secundaria obligatoria.

La solicitud de dispensa -que podrá subsanarse en los términos del artículo 68 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre- deberá realizarse necesariamente con carácter previo a la solicitud de nacionalidad por residencia y en modelo normalizado. No podrá iniciarse solicitud de nacionalidad española por residencia mientras no se haya resuelto, expresa o presuntamente, la solicitud de dispensa, a excepción de la solicitud de dispensa de quienes hayan estado escolarizados en España y superado la educación secundaria

obligatoria, en cuyo caso podrá presentarse solicitud de nacionalidad por residencia, sin necesidad de solicitud de dispensa, adjuntando la documentación correspondiente, sin perjuicio de la comprobación automática de datos de titulaciones académicas en la instrucción del procedimiento de nacionalidad. En el caso de haberse presentado solicitud de nacionalidad por residencia al mismo tiempo que la solicitud de dispensa, se procederá al archivo de la solicitud de nacionalidad por residencia mediante la correspondiente resolución, que pondrá fin a la vía administrativa.”

Desta forma, Cheikh tiña dereito, ou ben á que se lle eximise da realizar as probas, debido á súa invidencia, ou ben, subsidiariamente, á realización desas probas de maneira adaptada, mediante o exame oral.

Formalizamos a solicitude de dispensa para Cheikh aportando o informe no que se recolle a súa invidencia. As solicitudes de dispensa e/ou adaptación demoran na súa resolución varios meses, chegando incluso a demorar ate máis dun ano.

No caso de Cheikh, a pesares de ter acreditada a súa discapacidade visual, o Ministerio respostou que non existían razóns suficientes para a realización adaptado dos exames.

En resumo, estaban obrigando a unha persoa invidente a realizar dous exames escritos,....

Evidentemente, o seguinte paso foi interpor o correspondente recurso que, aínda, na data de redacción deste informe atópase sen resolver.

ESTRANXEIRÍA

Informes de arraigamento social

No 2022, na cidade de Vigo, tivemos que afrontar unha complicada situación relacionada coa emisión dos Informes de Arraigamento Social.

Cando unha persoa en situación irregular leva no Estado Español un mínimo de 3 anos, consegue unha oferta de contrato de traballo indefinido cun mínimo de 30 horas semanais, e carece de antecedentes penais, pode optar á autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais chamada Arraigamento Social.

Ademáis da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos que acabamos de sinalar, esíxese que o solicitante aporte un Informe de Arraigamento Social emitido pola corporación local do seu domicilio de residencia.

O problema que se nos plantexou no 2022 coa expedición destes informes, foi que, moitas persoas acudiron á OID porque levaban meses agardando pola emisión deste Informe por parte do Concello de Vigo.

A situación da persoas que na ci-

dade de Vigo estaban en condición de solicitar o arraigamento social tornouse insoportable, porque na gran maioría dos casos, o gran atraso na emisión deste informe preceptivo (ate 8 meses de agarda) estaba facendo que as persoas perdesen esa oferta laboral pola imposibilidade dos empregadores



de agardar tanto tempo para poder contratala e incorporalas. Co que as persoas quedaban condenadas a permanecer nunha situación administrativa irregular por mor da ineficacia da administración local.

Ante iso, decidimos solicitar una reunión coa Concellería de Benestar Social, encargada da Oficina

de Inmigración quen confecciona e emite estes informes. Nesa reunión denunciámos a insostible situación que o colapso na emisión dos informes estaba provocando.

Tras excusarse con “problemas do persoal” obtivemos o compromiso de desatascar a situación. Porén, pasados uns dous meses nos que se recibiron informes en prazo, a situación volveu a ser a mesma.

Unha vez máis, a burocracia, o colapso e a desidia da Administración estaba a vulnerar os dereitos das persoas migrantes.

Esta situación mudou cando o 16/08/2022 entrou en vigor a reforma do Regulamento de Extranxeiría que, debido ó atranco coa emisión dos Informes de Arraigamento, implementou a posibilidade

de solicitar o Arraigamento Social se, transcurridos 30 días dende a solicitude do informe ao parte do Concello, éste non tivese emitido o mesmo.

Esta foi finalmente o parche que dende a Administración articulouse para evitar que as persoas agardasen meses e meses por ese Informe.

Arraigamentos laborales

Outras das vulneracións reiteradas coas que nos atopamos, sobre todo, ao final do ano ten que ver coa tramitación dos arraigos laborales.

O artigo 124.1 do regulamento de estranxeiría establece, entre outros requisitos o de que a persoa solicitante se atope en situación administrativa irregular no momento da solicitude.

A interpretación que sobre este requisito están facendo ás Subdelegacións do Goberno da nosa comunidade está acarreado que de facto se deneguen multitude de arraigos laborales a persoas solicitantes de asilo.

Efectivamente, a gran maioría das persoas que poden acceder ao arraigamento laboral son aquelas persoas que, sendo solicitantes de asilo conseguen cotizar os 6 meses legalmente esixidos. A inmensa maioría destas persoas teñen a solicitude de asilo denegada, e interposto o recurso de reposición, polo que poideron continuar traballando ate chegar aos 6 meses.

Antes da solicitude, esas persoas presentan a renuncia ao recurso, co fin de que a Subdelegación acepte a súa condición de persoa en situación irregular.

Pois ben, as Subdelegacións non admiten esa renuncia senon que están a esixir que se presente a resolución de admisión da renuncia por parte do Ministerio. Resolución de admisión que nunca chega. Polo que o arraigamento é denegado.

Insistimos que esta é a situación maioritaria nas solicitudes de arraigamento laboral.

As Subdelegacións do Goberno son perfectamente conscientes

de que o Ministerio nunca está a respostar a esas renuncias aos recursos.

Ademáis, esa esixencia non ten ningún tipo de cobertura legal. Ao contrario Finalmente, non pode facerse recaer sobre o administrado as consecuencias negativas da falta de contestación ou resolución por parte de Administración. Así o establece o artigo 28 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala que:

“Los interesados deberán aportar al procedimiento administrativo los datos y documentos exigidos por las Administraciones Públicas de acuerdo con lo dispuesto en la normativa aplicable. Asimismo, los interesados podrán aportar cualquier otro documento que estimen conveniente.

(...) Cuando se trate de informes preceptivos ya elaborados por un órgano administrativo distinto al que tramita el procedimiento, estos deberán ser remitidos en el plazo de diez días a contar desde su solicitud. Cumplido este plazo, se informará al interesado de que puede aportar este informe o esperar a su remisión por el órgano competente.”

En moitos dos casos, a renuncia tense presentado 3 meses antes de que a Subdelegación resolva, polo que, nestes casos, que son os maioritarios, esa renuncia enténdese aceptada por silencio administrativo. Nestes casos, é o Ministerio, e dentro del, a Oficina de

Asilo y Refugio a que está incumprindo o seu deber legal de dictar a correspondente resolución, extremo este que non pode perxudicar ao interesado, que se ve ante a imposibilidade fáctica y legal de cumprir cun requerimento carente de toda xustificación.

Así é en aplicación do disposto nos artigos 21 e 24 da Lei 39/2015:

“Artículo 21 Obligación de resolver.

1. La Administración está obligada a dictar resolución expresa y a notificarla en todos los procedimientos cualquiera que sea su forma de iniciación. (...)

3. Cuando las normas reguladoras de los procedimientos no fijen el plazo máximo, éste será de tres meses.”

“Artículo 24 Silencio administrativo en procedimientos iniciados a solicitud del interesado

En los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, sin perjuicio de la resolución que la Administración debe dictar en la forma prevista en el apartado 3 de este artículo, el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado resolución expresa, legitima al interesado o interesados para entenderla estimada por silencio administrativo (...)

nalmente, non podemos falar de racismo institucional sen denunciar a situación de auténtico colapso na expedición de citas para a solicitude de autorizacións de residencia nas Subdelegacións do Goberno.”

Citas previas



Finalmente, non podemos falar do racismo institucional sen denunciar a situación de auténtico colapso na expedición de citas para a solicitude das autorizacións de residencia nas oficinas das Subdelegacións do Goberno da Galiza.

A realidade do día a día das persoas migrantes que queren regularizar a súa situación, cumprindo os requisitos para elo, é que se ven ante a imposibilidade de poder presentar a solicitude porque nunca

hai citas dispoñibles na páxina web e o teléfono nunca é respostado.

Recollimos vulneracións de persoas ás que se lle caducaron os documentos (antecedentes penais, certificado de nacemento,.....) agardando poder obter una cita en Estranxeiría.

Tamén tivemos coñecemento de persoas que, aproveitando a desesperación da situación,

Compre que por parte das Subdelegacións do Gobernos

Menores

Ousmane chama á oficina para denunciar unha situación vivida no centro de menores no que o internaron tras chegar a España.

Segundo nos comenta, chegou a Canarias en novembro de 2020 sendo menor de idade e enviárono a un centro no que estivo tres meses. Despois diso trasladárono a outro lugar. Supostamente era un centro de menores pero el cóntanos que era unha casa e o certo é que por máis que o buscamos como centro de menores non aparece.

Cando cumpriu os 18 anos veu á Coruña porque ten familia alí. O problema é que o suposto centro de menores no que estaba non lle tramitou o permiso de residencia, polo que se atopa en situación irregular.

Por moito que tentamos falar co centro nos teléfonos que Ousmane facilitounos, nunca conseguimos que nos desen razón de por que non se tramitou a documentación deste mozo conforme o disposto

no art 35.7 LOEX e dos art 196 ou 198 (segundo o momento en que o fixese) do Regulamento da Lei 4/2000.

Segundo o disposto no citado art 35.7 LOEX: Considerarase regular, para todos os efectos, a residencia dos menores que sexan tutelados en España por unha Administración Pública ou en virtude de resolución xudicial, por calquera outra entidade. A instancia do organismo que exerza a tutela e unha vez que quedase acreditada a imposibilidade de retorno coa súa familia ou ao país de orixe, outorgarase ao menor unha autorización de residencia, cuxos efectos se retrotraerán ao momento en que o menor houber sido posto ao dispor dos servizos de protección de menores. A ausencia de autorización de residencia non impedirá o recoñecemento e goce de todos os dereitos que lle correspondan pola súa condición de menor".

Pola súa banda, o art 196 do regulamento LOEX establece que: A

Oficina de Estranxeiría na provincia na que estea fixado o domicilio do menor iniciará, de oficio, por orde superior ou a instancia de parte, o procedemento relativo á autorización de residencia á que se refire o artigo 35.7 da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, unha vez quedase acreditada a imposibilidade de repatriación do menor e, en todo caso, transcorridos noventa días desde que fose posto ao dispor dos servizos competentes de protección de menores.

A situación na que se atopa Ousmane pola inactividade da administración, é a dunha persoa que acaba de chegar a España e que vai ter que esperar mínimo tres anos para poder regularizar a súa situación.

Este tipo de situacións son, se cabe, aínda máis grave porque afectan a menores de idade que chegan só ao noso país e aos que a Administración Pública non presta a protección que legalmente deben garantir.

DISCRIMINACIÓN LABORAL

Marcos acode a SOS Racismo Galicia como usuario do servizo de estranxeiría xa que está en proceso de regularización da súa situación administrativa.

Falando coa nosa compañeira, expónlle unha situación de explotación laboral da que ela nos dá traslado.

Citámolo na oficina e cóntanos que veu traballando para unha empresa do sector da construción sen contrato durante cinco meses. Que deixou o traballo porque o xefe déballe diñeiro. O acordo ao que chegaran era que lle pagaría entre 40 e 50 euros diarios pero non llos pagaba. Traballaba moitas máis de 8 horas diarias, non tiña descansos semanais, non lle facilitaba material de traballo adecuado e non respectaba as medidas mínimas de seguridade no traballo.

Tras reclamarlle o pago en numerosas ocasións, deixou de ir traballar cando lle debía máis de 800 euros.

Nesa mesma situación atopábanse outras moitas persoas, aínda que

só puxéronse en contacto connosco outros tres homes de distintas nacionalidades que compartían o feito de estar nunha situación de extrema vulnerabilidade: eran persoas migrantes en situación irregular, recentemente chegadas e sen unha rede de apoios familiares. A débeda que tiña con eles oscilaba entre os 600 euros e os 3.000 euros.

Dada a súa situación administrativa non se atreveron a denunciálo, pero en canto Marcos regularizou a súa situación presentamos denuncia perante o xulgado de Garda que foi turnada ao Xulgado de Instrución Nº6 da Coruña quen está coñecendo do asunto por un presunto delito contra os dereitos dos traballadores dos art 311.1 e 2º, 311 bis e 321 Código penal.

As penas previstas polo citados delitos, van desde os 6 meses ata os seis anos de prisión.

Por desgraza, a situación de Marcos e os seus compañeiros non é excepcional, como tampouco o é que non se atrevan a denunciar.

Tatiana chama pedindo unha cita urxente para saber as posibilidades que ten perante a situación laboral na que se atopa.

Tatiana trasládanos que leva case 4 anos traballando como interna nun fogar da cidade de Vigo, descansando só os sábados de 10. 00 h. a 20,00 h. e cun salario de 1.000 Euros. Como xa levaba 3 anos en España, Tatiana pediulle á súa empregadora que lle fixese un contrato para poder tramitar o sue arraigamento social e poder regularizar a súa situación. Non pedía máis que "legalizar" a situación na que se atopaba. O problema era que, como en outras moitas situacións, a empregadora negábase a facerlle o contrato e a dala de alta na Seguridade Social sentenciando que: "se non che gusta o traballo, hai outras que sí o poden facer".

Tatiana atopábase na difícil situación de deixar un traballo no que se vía avocada a unha permanente situación de irregularidade,

sen descansos, nin salario digno ou poder manterse ella e a súa familia.

Tentamos mediar coa empregadora para convencela da necesidade de regularizar a situación e de darlle a Tatiana a cobertura e dereitos que en xustiza se merece. Todos os intentos foron en vano e Tatiana continuou traballando nese fogar na agarda de poder atopar quen a quixera dar de alta as 30 horas semanais que precisa para a súa regularización.

Casos como o de Tatiana veñen de repetirse ano tras ano e son bo reflexo da precaria situación e de abuso na que se atopan as mulleres migrantes na Galiza.

CONFLICTOS OU AGRESIÓNS

DISCURSO DE ODIO



Resultaría extenuante recoller neste Informe as mostras de discurso de odio nas redes que nos atopamos neste ano 2022.

O discurso de odio non deixou de medrar ano tras ano, aumentando en violencia e intolerancia, con mensaxes cargados de xenofobia, racismo, ira e ignorancia.

O Observatorio Español del Racismo y la Xenofobia (OBERAXE) colabora dende 2017 coa Comisión Europea nos exercicios de monitorización que se realizan en

cumprimento do Código de Conducta para a loita contra a incitación ao odio en Internet, que foi asinado coas empresas prestadoras de servizos de aloxamento de datos con maior presenza en todo o mundo: Twitter, Facebook, YouTube, Instagram e TikTok. Dende maio de 2020, o OBERAXE monitoriza diariamente o discurso de odio No Estado Español nestas redes sociais e notifica aqueles contidos considerados de odio ou que poden ser constitutivos de delito.

Pero non só nas redes sociais

atopamos mostras de racismo e xenofobia.

A perpetuación de estereotipos e prexuízos que existe na sociedade galega está presente en todos os ámbitos da comunicación.

Un exemplo co que nos atopamos nese 2022 foi un anuncio para a convocatoria dun casting dunha produtora galega na que se pedían “colombianos e mexicanos con aspecto de presidiario”.

Cando ese anuncio chegou a nós, inmediatamente solicitamos a retirada do anuncio, co texto que a continuación recolleemos:

“Bo día,

Poñémonos en contacto desde SOS RACISMO GALICIA a raíz dun anuncio dun casting que tedes colgada en redes. Entendemos que o día a día do ámbito da comunicación traballa con perfiles diversos nun intento de adaptar diferentes contextos e situacións en formato de películas ou series, pero consideramos moi grave a forma que tedes de buscar o perfil necesario para a vosa produción.

Vencellar certas nacionalidades como a colombiana ou a mexicana, exclusivamente, a contextos ligados ao cárcere, é máis, exaltando un aspecto presidiario parécenos redundar nunha discriminación e prexuízos que xa de por si sofren aa maioría das persoas que proceden deses países, e que a longo prazo son case imposíbeis de esquecer. A que vos referides con aspecto presidiario?

Cremos que todos os ámbitos, sin excluír ao da comunicación, deben aprender e aplicar a perspectiva antirracista no seu traballo diario para ser conscientes das actitudes e comportamentos racistas que se colan tamén a través da nosa linguaxe, xa que, iso axuda a redactar mellor os textos para as vosas ofertas de emprego sen incorrer en promover ideas preconcebidas que son moi dañinas para quen as sofre.

Agradecemos retiredes ese campaña e modifiqueades o cartaz de cara a non ter que emprender outras accións legais”.

Na clasificación das tipoloxías e ámbitos das vulneracións, recolleemos unha categoría específica adicada ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que, aínda que poderían considerarse unha parte integrante do racismo institucional, separamos do resto debido á especial incidencia que o abuso dos axentes da autoridade teñen na vida das persoas migrantes e racializadas.

No 2022 voltamos a atopar casos nos que os axentes exceden das súas funcións, con frases xenófobas nas actuacións, paradas por perfil étnico ou apertura de ordes de expulsión en situacións de vulnerabilidade.

FFCCSE



take a hand
against
RACISM.



Ordes de expulsión

Ese foi o caso de Cassandra.

Kassandra acudiu á Comisaría da Policía Nacional porque fora vítima dunha agresión na rúa na que finalmente lle rouban o bolso. Nel levaba toda a súa documentación, incluído o seu pasaporte, do-

cumento único e esencial co que Cassandra pode identificarse.

Convencida de que na Comisaría de Policía atoparía o asesoramento e protección que como vítima lle corresponde, a súa sorpresa foi que no momento en que senta para a

presentación da denuncia por roubo e agresión, o axente de policía entrégalle unha citación para a Brigada de Estranxeiría na que lle notificarían a apertura dun expediente de expulsión, por atoparse en situación administrativa irregular.

Identificacións por perfil étnico

Os informes e estudos realizados por varias ONG, organismos internacionais, e incluso o Defensor del Pueblo, denuncian o alto número de identificacións que realizan as forzas e corpos de seguridade No Estado Español, e como unha gran porcentaxe destas diríxense cara individuos de minorías étnicas ou estranxeiros de determinadas nacionalidades.

O perfil étnico, a raza, a orixe nacional ou a relixión, úsanse como

elementos determinantes, nas investigacións sobre quen participou en actividades delictivas.

Segundo algúns estudos (ESE, 2010; García Añón y otros, 2013) a policía identifica 10 veces máis a persoas ciganas que ao resto da poboación, 7,5 veces máis aos magrebíes e 6,5 aos afro-latinoamericanos.

Este tipo de comportamentos non só conduce a unha discriminación institucional, senon a unha

pérdida de lexitimidade e confianza nos “executores” da lei.

O Programa para a Identificación Policial Eficaz (PIPE) xurde co obxectivo principal de reducir os sesgos étnicos nas identificacións policiais e acortar distancias entre a sociedade diversa e a policía. Os resultados corroboran a existencia de actuacións policiais desproporcionadas sobre colectivos minoritarios (*Boletín Criminológico (artículos nº 161 a nº 167), Artículos*).

**LEI INTEGRAL
PARA A
IGUALDADE DE
TRATO E A NON
DISCRIMINACIÓN**

LEI 15/2022, DE 12 DE XULLO

Rematamos este Informe Anual cun pequeno comentario sobre unha novidade legislativa que se produciu no 2022 e que foi a aprobación e entrada en vigor da Lei Integral para a igualdade de trato e a non discriminación.

O 14/07/2022 entrou en vigor esta lei nacida da necesidade de establecer un mínimo común normativo que contenga as definicións fundamentais do dereito antidiscriminatorio español e as súas garantías básicas, traspoñendo os obxectivos e fins das Directivas 2000/43/CE e 2000/78/CE.

Esta lei crea a "Autoridad Independiente para la Igualdad de Trato y la No Discriminación", que segundo o artigo 40 da Lei será a encargada de protexer e promover a igualdade de trato e non discriminación tanto no sector público como privado.

A Autoridade deberá prestar servizos especializados de asistencia e orientación a aquelas persoas que poideran sufrir discriminación polas causas establecidas na Lei. Poderá tamén realizar investigacións sobre a existencia de posibles situacións de discriminación que revistan unha especial gravidade, exercitar accións xudiciais en defensa dos deteitos derivados da igualdade de trato (excepto as que teñan implicacións penais) e actuar como órgano de mediación ou conciliación (excepto tamén nos procesos que teñan implicacións penais).


A falta de que podamos comprobar e valorar o funcionamento práctico da lei, a primeira vista e a pesares da grandilocuencia das manifestacións de intencións do seu preámbulo, podemos comprobar que, no papel, esta lei non crea ou incorpora figuras novas,

nin amplía situacións discriminatorias que non estiven xa perfilados ou recollidos en outras normas de obrigado cumprimento.

Tampoco parece que a creación desa Autoridade específica supoña dotar de máis ferramentas de defensa ou mecanismos de protección das persoas vítimas de discriminación, distintas das que xa existían nas diferentes lexislacións (administrativa, laboral e penal).

Porén sí pode servir para aglutinar a regulación anti discriminatoria ata ese momento dispersa polas diferentes normas e a unificar criterios de definición do que debe entenderse por unha conducta discriminatoria, ampliando, ao noso parecer, esa definición.

Ficaremos atentas á implementación da lei e sobre todo á dotación de recursos reais e efectivos para que os obxectivos marcados pola norma non queden en papel mollado.



HUMAN

RIGHTS!



RACISMO E XENOFOBIA EN GALICIA INFORME ANUAL 2022



SOS RACISMO GALICIA

A CORUÑA

Rúa Alcalde Lens, 34 1ºC
(+34) 698 163 742
info@sosracismogalicia.org

VIGO

Rúa Zaragoza, 3 baixo
(+34) 678 811 714
vigo@sosracismogalicia.org

